

**Os socialistas de Baleira denuncian “o notable abandono e descontrol”
do Concello sobre os puntos de recollida de plásticos**

Anuncian que, no vindeiro Pleno, pedirán ao Alcalde que adopte as medidas oportunas para solucionar esta situación, é dicir, que leve a cabo con carácter urxente os traballos de peche e adecentamento dos mesmos

Lamentan que o rexedor, que leva un ano e medio no cargo, “aínda non fose quen e atallar este problema”. E é que o vento e incluso os animais provocan que boa parte do lixo despositado sexa desviado a outras zonas; o que “está a converter a localidade nun punto negro de suciedade e de vertedoiros incontrolados”

BALEIRA, 23 DE FEBREIRO DE 2015.- O grupo municipal socialista de Baleira denuncia “o notable abandono” no que se atopan os lugares habilitados polo concello para a recollida de plásticos, pois todos eles carecen de peche perimetral; o que está a provocar que “non exista ningún tipo de control nos residuos que neles se almacenan”. Por este motivo, os socialistas anuncian que, no vindeiro Pleno, pedirán ao Alcalde que adopte as medidas oportunas para solucionar esta situación, é dicir, que leve a cabo con carácter urxente os traballos de peche e adecentamento dos mesmos.

Neste senso, lamentan que o Rexedor, que leva un ano e medio no cargo, “aínda non fose quen e atallar este problema”. “Cremos que xa pasou tempo dabondo, polo que debería de ter actuado hai tempo”, afirman. E é que o vento e incluso os animais provocan que boa parte do lixo despositado sexa desviado a outras zonas; o que “está a converter a localidade nun punto negro de suciedade e de vertedoiros incontrolados”. Por este motivo, esíxenlle ao Goberno local que “dea un paso a fronte e tome cartas no asunto”.

Por elo, critican que, tendo en conta esta situación, “da que o equipo de Goberno é totalmente coñecedor”, o equipo de Goberno e o PP actúen “con tal pasividade”. “Alguén tería que explicar a que se dedican porque está claro que coas súas obrigas non cumpren”, subraian.

“Suciedade e descontrol”

Asimesmo, apuntan que “tanta suciedade e o descontrol” xa están a suscitar numerosas queixas veciñais. “Os cidadáns non se merecen esta desatención do Alcalde. Baleira atópase nun dos peores momentos das últimas décadas no que se refire a limpeza e mantemento”, conclúen.